CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ACTA Nº 2020/1
30 DE XANEIRO DE 2020
SESIÓN ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

PRESIDE:

JUAN MANUEL SABORIDO RAMA

ASISTEN:

PSOE
MARÍA MERCEDES NOCEDA GOMEZ
RAFAEL ANTONIO RIVEIRO PIÑEIRO
SANDRA FERNÁNDEZ SIABA
JOSE MANUEL GONZÁLEZ REY
PP
AGUSTÍN MANUEL GONZÁLEZ DOSIL
JOSE ELISARDO GARCÍA LAGO
PEDRO LADO RIVEIRO
BNG
MARÍA BELÉN CAMPOS DIAZ
MANUEL MÁXIMO SOUTO BARREIRO
MARÍA PILAR TUBÍO LARIÑO
SECRETARO
CELESTINO AMIGO LIÑARES

No Salón de sesións da Casa do Concello de Carnota, ás 20:00 horas do día 30 de xaneiro de 2020, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, conforme ao réxime de sesións acordado polo Pleno en cumprimento do establecido no artigo 46.1 da Lei 7/1985, LBRL.

Comprobada a existencia de quórum suficiente e o cumprimento dos demais requisitos formais legalmente esixidos para a válida celebración do acto, o Presidente declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os diversos asuntos incluídos na orde do día que se incluíu na convocatoria.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

De acordo co previsto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, ROF, pregunta o presidente se algún membro da Corporación desexa facer algunha observación con respecto á acta da sesión anterior (n.º2019/11 do 05/12/2019) que se entregou coa convocatoria.

Non se realizan observacións, polo que se considera aprobada a Actas por unanimidade.

2.- DESIGNACIÓN DEFINITIVA DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MANCOMUNIDADE DE AUGAS DE MUROS-CARNOTA E NA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA

Informa o alcalde que faltaba nomear os representantes do partido popular.

O 14/01/2020 con rexistro de entrada número 88, D. Agustín González Dosil, en calidade de portavoz do grupo do partido popular do Concello procede a designar un representante para a Mancomunidade de augas de Muros-Carnota a D. Eliseo García Lago e a designar para a Mancomunidade de Serra do Barbanza a D. Agustín González Dosil

Informa o Sr. secretario que no pleno organizativo acordouse designar aos representantes da Mancomunidades de Serra do Barbanza e da Mancomunidade de augas e que formalmente faltaban dúas persoas, refundimos o acordo para darlle conta a Mancomunidade de Augas Muros-Carnota, para que proceda a súa constitución para elixir o Presidente dado que lle vai tocar a Muros segundo a quenda prevista nos estatutos.

Tómase razón dos mesmos para a súa publicación no BOP, coa relación definitiva de representantes do Concello de Carnota na Mancomunidade de Augas Muros-Carnota e na Mancomunidade Serra do Barbanza

-Mancomunidade Serra do Barbanza: María Mercedes Noceda Gómez, Manuel Máximo Souto Barreiro e Agustín Dosil González
-Mancomunidade de Augas Muros-Carnota: Juan Manuel Saborido Rama, María Pilar Tubío Lariño e Elisardo García Lago.

3. APROBACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS PARA EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL EN VALADIÑO

Dáse lectura polo alcalde da proposta seguinte:

ANTECEDENTES:

O Concello de Carnota incluíu no POS+18 da Deputación Provincial o proxecto denominado CENTRO SOCIAL EN VALADIÑO, redactado polo arquitecto José Lorenzo Crespo Rama.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

O solo no que se sitúa a actuación está clasificado como Solo Rústico de Especial Protección agropecuaria, polo que precisa da aprobación dun Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, o cal foi redactado polo dito arquitecto.

Inícianse os trámites para a aprobación do plan especial, de conformidade co artigo 75 en relación co 46 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia, o 8.02.2018 envíase o documento á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia, solicitando expresamente que se informe se o dito plan debe someterse á avaliación ambiental estratéxica, con carácter previo á aprobación inicial do documento ou se atopa exento. Enviando o 30.05.2018 a documentación completa (documento ambiental estratéxico e borrador da proposta)

O 13.06.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático iniciou a través da súa sede electrónica un período de consulta pública dos documentos recibidos polo prazo de dous meses. Ao tempo que consultou á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, entre outras administracións públicas.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental o 27.08.2018 resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan especial de dotacións, indicando que para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integrarase no plan as determinacións que se indican na súa proposta: "contemplaranse as medidas necesarias para favorecer o integración paisaxística da edificación e da súa contorna, a través do emprego de materiais e acabados adecuados ao solo rústico no que se insire". Sinala na dita resolución que o concello deberá considerar o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no proceso de elaboración do plan.

De acordo co disposto no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e no artigo 186.1.a) do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o regulamento da dita lei, a Xunta de Goberno Local celebrada o 05.10.2018 acorda:

1. APROBAR INICIALMENTE o Plan Especial para equipamento de centro sociocultural en Valadiño, a executar segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto José Lorenzo Crespo Rama o 11.12.2017, incorporando este proxecto ao plan especial, sendo as súas determinacións construtivas vinculantes que só poden alterarse mediante a modificación do plan.
2. Someter o expediente administrativo ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos periódicos de maior difusión da provincia, así como na páxina web do Concello de Carnota, para que se formulen as alegacións que se consideren oportunas.
3. Notificar individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectos polo ámbito do Plan especial de dotacións para equipamento de centro sociocultural en solo rústico Valadiño.
4. Recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos.
5. Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de edificación e demolición en todo o ámbito do Plan, de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e o no artigo 86 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro. Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados dende esta aprobación inicial, e en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do plan especial.

Cumprimentados os trámites sinalados no artigo 75.1) "Procedemento de aprobación dos plans parciais e plans especiais" da Lei 2/2016, do solo de Galicia, previos á aprobación provisional do Plan Especial e vistos os informes favorables dos Servizos Técnicos e Xurídicos Municipais acerca da integridade documental do

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

expediente e as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica e a conformidade do plan coa lexislación vixente APROBÁSE PROVISIONALMENTE o 18.09.2019 por resolución da alcaldía n.º353/2019 o Plan especial asinado o 21.08.2019 polo arquitecto José Lorenzo Crespo Rama coas modificacións solicitadas pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Sometido o expediente completo debidamente dilixenciado ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio o 08.01.2020 emite INFORME FAVORABLE ao Plan especial de dotacións para equipamento sociocultural en O Valadiño, e non se efectúa ningún reparo ao documento no ámbito das cuestións ás que se refire o primeiro parágrafo do artigo 75.1 e) da LSG.

De conformidade co artigo 75.1 f) , cumprimentados os trámites previos, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

1. Aprobar definitivamente o Plan especial de dotacións para equipamento sociocultural en O Valadiño asinado polo arquitecto José Lorenzo Crespo Rama en data 21.08.2019. de conformidade cos artigos 22.2.c) e 123.1.i) da Lei de Bases de Réxime Local

2. Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia no prazo de un mes, de conformidade do artigo 82.2. da LSG.
Igualmente, xunto á publicación deste acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público.

3. Remitir á Consellería competente en materia de urbanismo á documentación esixida no artigo 88.3 da LSG, aos efectos de inscribir o Plan especial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, unha vez publicado o anuncio no DOG.

4. Publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez inscrito no rexistro o instrumento de planeamento.

5. Publicar o contido íntegro do dito plan na sede electrónica do Concello.

Na quenda de intervencións, pregunta a concelleira do BNG, Belén Campos cando vai sair a licitación, ao que responde o alcalde que primeiro vai á Depuación, e no proceso administrativo non se sabe o tempo.

Polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (e 5 do grupo do PsdeG-PSOE, 3 do grupo do PP, 3 do grupo do BNG,).
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Consecuentemente, o Presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

4. MOCIÓNS PRESENTADAS.

4.1. RE 139, SOBRE PROFESIONAIS DA PEDIATRÍA

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Procede a dar lectura a concelleira do PSOE, Mercedes Noceda, da parte resolutiva da seguinte moción:

O Grupo Municipal dos Socialistas de Carnota de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre profesionais da pediatría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu, de forma clara, a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas das comarcas da nosa provincia.

Esta decisión ten que ver coa necesidade, cada vez máis recorrente, de resolver o problema derivado das vacacións e baixas dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias.

Noutros centros, a ausencia de pediatría cóbrese con médicos de medicina familiar. Esta problemática soe estar, fundamentalmente, concentrada no rural, sendo un exemplo máis de:

- Manifesta falta de compromiso do goberno galego cara o rural da nosa provincia.
- Posta en práctica dunha clara intención de concentración da poboación en vilas e cidades.
- Irresponsabilidade como goberno de afrontar, de xeito serio e real, o grave problema demográfico que estamos a vivir na nosa provincia, ao igual que no conxunto de Galicia.

O peor desta situación é que a Xunta de Galicia non é quen de garantir que a agrupación de profesionais ou a agrupación de varios concellos nun único Centro de Atención Pediátrica sexa unha decisión temporal, senón máis ben o contrario, o que acentúa a preocupación de país e nais que cada vez dubidan máis da continuidade do servizo de pediatría en primaria nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.
Existen diversos problemas que recrudecen o problema da ausencia de profesionais de pediatría:

- Unha vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa.
- Deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais.
- Ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, de aí a agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan como puntos de referencia comarcais.

É urxente considerar o servizo de pediatría coa importancia que merece e facer un plantexamento común que resolva o problema actual e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado, valorado e necesario para a cidadanía.

É o caso do Concello de Carnota que dende o mes de vacacións ten que desprazar ás súas pequenas e pequenos ao Centro de Saúde de Muros, situado a 12kms do Concello, ou do contrario ser atendido polo médico de familia sen experiencia nin formación pedriática de ningún tipo.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

1. Dotar da maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condición laborais.
2. Retrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.
3. Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.
4. Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.
5. Continuar coa implantación de enfermería pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.

Non se producen intervencións, polo que o Presidente somete directamente a moción a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do PP 3 do grupo do BNG).
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Consecuentemente, o Presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

4.2. RE 140, SOBRE ATAQUES ÁS SEDES DO PARTIDO SOCIALISTA

Procede a dar lectura o alcalde da parte resolutiva da seguinte moción:

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Carnota desexa someter á consideración do Pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española nace da vontade de consenso e de reconciliación. A nosa norma fundamental no seu artigo 1.1. define que os valores superiores do noso sistema político son a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político. No artigo 6 defínese aos partidos políticos como o mecanismo de expresión da pluralidade ideolóxica da nosa sociedade e conságraos como os alicerces básicos da participación da cidadanía na conformación dos asuntos públicos. Desde o Partido Socialista e o seu compromiso cos principios e os valores constitucionais que informan o noso sistema democrático queremos expresar a nosa repulsa cara aos ataques perpetrados a diversas Casas do Pobo por parte de grupos de extrema dereita e condenar, como fixemos sempre ante este tipo de actuacións, o intento de impedir a expresión libre dos valores socialistas que cada día realizan miles de persoas en sedes, grupo municipais ou en calquera foro público onde traballamos co único obxectivo de mellorar a vida e benestar dos nosos veciños e veciñas. Tamén queremos trasladar a nosa profunda preocupación pola actuación de grupos de intolerantes contra as nosas agrupacións así como contra as sedes doutras formacións políticas que tamén se viron afectadas por ataques de grupos extremistas.

Nesa situación, os demócratas temos que mostrar unidade ante calquera tipo de violencia e intento de intimidación. O pluralismo político fundaméntase no recoñecemento á expresión libre das preferencias ideolóxicas, por parte da cidadanía española, porque quen comparte os valores constitucionais, somos conscientes de que a discrepancia política non é máis que un debate democrático sobre como cada opción entende que se teñen que expor respostas políticas aos problemas e desafíos que ten a nosa sociedade.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Tamén temos que estar unidos e mostrar firmeza democrática, como fixemos durante este máis de 40 anos de convivencia constitucional, ante que quere impoñer pola forza unha intolerancia que non é maioritaria na sociedade.
Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Carnota presenta a seguinte
MOCIÓN
O Concello de Carnota condena os actos violentos perpetrados contra diversas agrupacións do Partido Socialista así como do intento de ocupación da sede federal do PSOE en Madrid.

Intervén a concelleira do BNG, Belén Campos manifestando que se decata dos ataques pola moción, que non ten que dubidar, que dende o grupo do BNG condenan a violencia, todo tipo de violencia, como calumnias, ataques a casas de militantes do BNG, actos vandálicos e agresións físicas a militantes do BNG, que iso tamén o condenan, e dirixíndose ao goberno sinálalles que eles nunca o condenaron e que aínda hoxe o negan; conclúe afirmando que malia todo iso van votar a favor da Moción.

Intervén o alcalde dicindo que estamos todos en contra da violencia.
A concelleira Belén Campos entende que tal afirmación hai que demostrala.

De seguido intervén a concelleira do PSOE, Mercedes Noceda e manifesta que eles no seu día condenaron todo acto de violencia con compañeiros do bloque e con compañeiros do PP.

Belén Campos comenta que a ela dixéronlle que a concelleira (Mercedes Noceda) afirmaba que era mentira.

Mercedes Noceda di que a condena é pública e que está nas redes sociais.

O Presidente somete a moción a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 11 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do PP 3 do grupo do BNG).
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Consecuentemente, o Presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

4.3. RE 141, SOBRE FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Le a parte resolutiva da seguinte moción a Concelleira Mercedes Noceda.

O Grupo Municipal dos Socialistas de Carnota de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre o financiamento das entidades locais na prestación de Axuda no Fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero estamos a asumir, cada vez máis, competencia impropias, que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que facerlles fronte.
A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias xa que corresponde ás administracións autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito máis preocupante, está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

A Xunta de Galicia aporta dende o ano 2008, 9.70€/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado o prezo/hora. Outras administración, como a Deputación de A Coruña, aportan, dende o ano 2018, 12€/hora: un prezo máis acorde co custe total do servizo.
O que está a suceder neste momento é que os concellos nos vemos na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte dende os concellos, contemplan actualización de presos que van desde os 16€/hora ata os case 23€/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos, os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.
Dito incremento de prezo/hora redunda, en gran medida en:

- Unha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren traballadoras (na súa inmensa maioría) e os traballadores deste servizo.
- Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta:

1.- A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar os concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación de A Coruña.

2.- A Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

Engade o alcalde que as cotas de axuda no fogar non foron revisadas desde 2008. A Xunta de Galicia segue considerando un custo de 9 euros/hora, mentres que a Deputación xa as revisou, establecendo 12 euros /hora. É preciso actualizar o prezo/hora, este é o motivo da moción.

Intervén o concelleiro do PP, Elisardo García dicindo que se fala na moción de competencia impropia do Concello, isto realmente é competencia exclusiva do Concello por convenio que se recolle na lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Indica que ao final a moción que se trae ao pleno ven sendo o financiamento dos servizos locais, que está conforme con iso, sobre todo para o que son as persoas dependentes, que a aportación é mínima.

Comenta o alcalde que non é mínima senón que está sen actualizar.

Continúa Elisardo García e di que podía ser maior pero tamén os orzamentos municipais podían incrementar ese financiamento, ben entendido que as accións concorrentes das tres administracións teñen que afrontar o custo e resolver o problema, esta é a aportación do grupo popular nesta moción.

Polo Presidente somete a moción a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 11 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do PP 3 do grupo do BNG).
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Consecuentemente, o Presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

4.4. RE 142, SOBRE O REGULAMENTO XERAL DE COSTAS.

PROPOSTA PARA QUE O PROXECTO DO REGULAMENTO XERAL DE COSTAS TEÑA EN CONTA AS DEMANDAS DO SECTOR DO MAR

Le o alcalde a parte resolutiva da seguinte moción

Exposición de motivos
O 19 de marzo, publicouse mediante un procedemento de audiencia e información pública o proxecto de Real Decreto polo que se modifica o Regulamento Xeral de Costas. Este Regulamento establece, entre outros puntos, as condicións, a duración e o custe das concesións outorgadas no dominio público marítimo-terrestre e son, polo tanto, aplicables a tódalas empresas que requiran da ocupación na costa.

A vista das alegacións recibidas no procedemento de audiencia, a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar considerou que era necesario realizar unha nova proposta.

Nesta nova redacción, a duración das concesións redúcese establecendo un período máximo de 15 anos para as ocupacións que se sitúan na franxa costeira (que inclúe, por exemplo, as tubaxes de captación de moluscos e granxas piscícolas. Pero ademais, no caso de que se estime que o establecemento "poida ter" un impacto paisaxístico negativo, o prazo máximo queda reducido a tan só 3 anos en total.

Estas novas condicións poñen en perigo a viabilidade das inversións e a supervivencia dun modelo amplamente repartido pola costa de emprego estable, tradicional e cunha alta taxa de ocupación feminina.

Ante esta situación sométese ao Pleno a aprobación da seguinte moción:

1. Instar ao Goberno do Estado e especialmente ao MITECO (Ministerio de Transición Ecolóxica):
   1.1. Recoñeza a realidade da Comunidade Autónoma Galega e da Costa da Morte en relación á realidade histórica e socioeconómica do sector Mar Industria, Acuicultura e Marisqueo que ao longo do último século sirve como base fundamental para o desenvolvemento social e económico desta comunidade, e que pon en cuestión un regulamento que demostra o claro descoñecemento da realidade social da nosa comarca.
   1.2. Con carácter previo á aprobación de modificación algunha, establecer unha mesa de análise e negociación cos sectores vinculados ao mar para alcanzar un acordo que permita que o proxecto do Regulamento Xeral de Costas e a Lei de Costas teña en conta as reivindicacións socioeconómicas do sector do Mar de Galicia.
2. Negociar e aceptar un acordo para que se teña en conta en dito proxecto e na súa Lei, no concernente ao prazo das súas concesión, para as actividades económicas do complexo mar industria da comarca que para o seu indispensable funcionamento deben estar no litoral, se comece a contar o prazo de concesión e partir da solicitude de prórroga extraordinaria e non dende a data da concesión orixinal.
3. Dar traslado do presente acordo ao Goberno do Estado

Polo Presidente somete a moción a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 11 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do PP 3 do grupo do BNG).
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Consecuentemente, o Presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Intervén o Concelleiro do BNG, Manuel Souto, manifestando que está totalmente de acordo co espírito da moción, pero o único que engadiría e que dende o BNG vense reclamando dende fai tempo que o Goberno Galego teña competencias plenas da Demarcación de Costas e incluso no Salvamento Marítimo. Remata dicindo que nesta moción sería necesario engadir que esas competencias deberían pasar ao Goberno de Galicia.

Responde o alcalde que entende perfectamente que desde o punto de vista do seu grupo político fagan esa referencia.

De seguido intervén o concelleiro do PP, Elisardo García e expón que iste é un real decreto, que non sabe se vai ir adiante ou non; pero o problema deste real decreto é que se dita ao abeiro do artigo 149 da Constitución Española, o que siñifica que habería que reformar a Constitución para transferirlle as competencias a Comunidade Autónoma en primeiro lugar. Pero o real decreto vai máis alá do prazo, porque fálase do título de concesión do cal se adxudica a unha empresa o uso privativo da zona marítimo-terrestre. En segundo lugar, o fundamento do real decreto na exposición de motivos parece dicir que vai en contra da Lei de Costas e do propio Regulamento que se trata de reformar, en contra da lei de costas e as posteriores reformas e incluso da Lei de Cultivos Mariños. Ao seu xuízo, a decisión de levar este asunto ao pleno vai simplemente polo que é o prazo de concesión, pero non se sabe se se vai levar a cabo ou non o proxecto de reforma do real decreto. O real decreto o que pretende realmente é protexer o medio ambiente e o cambio climático. Aparte de recuperar para o dominio público marítimo as concesións xa outorgadas (aquí temos a piscifactoría), polo que debemos valorar se este real decreto protexe máis o que é o medio ambiente ou a actividade industrial ou comercial dunha empresa e os postos de traballo que xera. Conclúe dicindo que hai que ver a posibilidade de que sexa recorrido no seu momento por parte do goberno, se é anticonstitucional ou vulnera os dereitos fundamentais das persoas.

Intervén o alcalde e di que a maior inquietude da poboación é a inseguridade xurídica, que a mesa de traballo que se está facendo por parte do Ministerio da Transición Ecolóxica é conciliar medio ambiente con promoción económica.

Elisardo Garcia comenta diferentes aspectos técnicos relativos aos títulos das concesións e as súas transmisións e reitera a necesidade de conciliar a protección do medio ambiente coa actividade económica que potencia o emprego.

Continúa Manuel Souto dicindo que en realidade non hai mais que elucubracións, porque estamos falando dun borrador, que a mesa de traballo nin sequera está constituída. Por iso, o seu grupo cre e pide que se constitúa unha mesa de traballo, estamos falando dun borrador de proxecto que poderá seguir adiante ou non, pero seguirán demandando as competencias para Galicia. Falábase dos paseos marítimos e non hai mais que ver o que acaba de acontecer no Mediterráneo. Ao seu grupo tamén lles preocupan as empresas que remataron a concesión. Hai casos nos que queren renovala e están en perigo . Reitera que se trata de meras elucubracións e que nos tempos actuais a política estatal cambia cada 24 horas, polo que non é posible saber o que ocorrerá

O Presidente somete a moción a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 11 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do PP 3 do grupo do BNG).
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Consecuentemente, o Presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

CVD: 8ThwDa285kY7fXObNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

De seguido polo Alcalde infórmase das mocións presentadas polo BNG fóra da orde do día, as cales son aceptadas por asentimento dos concelleiros.

4.5. PARA A MELLORA DA SANIDADE

Procede a dar lectura a concelleira do BNG, Belén Campos da parte resolutiva da seguinte moción:

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a mellora da sanidade pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
A Corporación municipal do Concello de Carnota está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feixóo, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.
Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todxs.
As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.
Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertenzan os seus membros, deberiamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.
Os municipios da Área de Sanitaria necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.
Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte
ACORDO
PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.
SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.
TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.
CUARTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.
QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.
SEXTO. Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.
SÉTIMO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.
OITAVO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

NOVENO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Carnota á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

O Presidente somete a moción a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 11 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do PP 3 do grupo do BNG).
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Consecuentemente, o Presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

4.6. PARA INSTAR AO GOBERNO CENRAL A APROBACIÓN DUN ESTATUTO PARA A INDUSTRIA ELECTROINTENSIVA, QUE PERMITA A COMPETITIVIDADE INDUSTRIAL E O MANTEMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO

Le a concelleira do BNG, Pilar Tubío a parte resolutiva da seguinte moción:

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
Galiza é un país produtor excedentario de enerxía eléctrica, que envía ao exterior a terceira parte da enerxía producida. Sen embargo esa condición de produtor, a pesar de que historicamente carrexou costes medioambientais e sociais importantísimos, non repercute no beneficio da poboación nin do desenvolvemento da economía de Galiza. De feito as galegas e galegos somos no ano 2019 e 2020 os que pagamos a tarifa máis cara do Estado español.

Isto representa un problema social de gran calado que afecta especialmente aos sectores economicamente más desfavorecidos. Pero ten tamén unha repercusión directa no desenvolvemento económico do noso país pola relevancia da industria electrointensiva no conxunto do noso limitado tecido industrial. Unha reclamación histórica do noso país é a creación dunha tarifa eléctrica galega que beneficie ao conxunto da poboación e tamén un estatuto da industria electrointensiva, que estableza unha tarifa estábel, predicíbel e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial e o mantemento dos postos de traballo.

De feito, neste momento a crise da industria electrointensiva supón en Galiza o risco de perder máis 5.000 empregos neste sector, con afectación a comarcas enteiras como a de A Mariña, Ferrol, A Coruña e Costa da Morte.

No mes de febreiro o Consello de Ministros autorizou a tramitación urxente do procedemento de elaboración e aprobación do real decreto polo que se regula o Estatuto do Consumidor Electrointesivo, que tiña como obxectivo mitigar os efectos dos costes enerxéticos sobre os grandes consumidores de enerxía; sen embargo, 10 meses despois, ese estatuto aínda non foi aprobado nin é publicamente coñecido e, polo contrario, o 3 de decembro foi publicada no Boletín Oficial do Estado a resolución de 2 de decembro de 2019, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de subastas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde IET/ 2013/2013, de 31 de outubro, para o período de entrega comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2020.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Esta resolución, ademais de ser unha falsa saída temporal, empeora as condicións para a industria electrointensiva, porque reduce a menos da metade a potencia interrompíbel na subasta correspondente ao primeiro semestre do 2020 e porque ademais elimina os bloques de 40 MW.
Entendemos que é necesario actuar na dirección contraria á que estabelece esta resolución e é urxente contar cun Estatuto da industria electrointensiva que, con carácter xeral, libere a factura de peaxes que non teñen relación directa co funcionamento do sistema eléctrico: Primas ás renovábeis, costes extrapeninsulares, pagos por capacidade, nucleares e déficit tarifario. O coste destas peaxes debe ser asumido polos Presupostos do Estado.
Loxicamente, isto permitirá exixir como contrapartida ás industrias que se acollan o Estatuto un esforzo en inversións e melloras nos procesos produtivos que reduzan o impacto ambiental e garanta manter e ampliar o emprego directo.
Por todo o exposto, propoñemos ao pleno desta Corporación a adopción do seguinte
ACORDO:

1. Instar ao Goberno do Estado a aprobación inmediata dun estatuto para a industria electrointensiva que estableza unha tarifa estábel e economicamente asumíbel que permita a competitividade industrial e o mantemento dos postos de traballo.
2. Así mesmo, instar ao Goberno español a aprobación urxente dun paquete de medidas para conseguir que a industria electrointensiva teña a máxima compensación permitida pola UE por CO_2 indirecto, para competir con industrias similares instaladas noutros lugares do mundo onde non se limitan as emisións de dióxido de carbono.

O Presidente somete a moción a votación, co seguinte resultado:
Votos a favor: 11 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do PP 3 do grupo do BNG).
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Consecuentemente, o Presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

5. ASUNTOS DE URXENCIA
Non se presentan.

II. PARTE DE CONTROL

1. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

A Corporación quedou informada das resolución ditadas polo Alcalde desde a última sesión, que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras desde a mesma data da convocatoria.

2. ROGOS E PREGUNTAS.

Intervén o alcalde e pide desculpas a Manuel Souto, polo que dixera no último pleno sobre a información, pois pensaba que a traballadora llo comunicara a el, e o que estaba era dándolle a copia para que lla dera, por iso lle dicía que estaba na oficina.

De seguido Pilar Tubío intervén e informa de que na acta anterior dixo o alcalde que o saneamento do Ézaro xa está conectado no Pindo.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Respóndelle o alcalde dicindo que está en funcionamento.

Pilar Tubío pregunta se xa está pagando Dumbría, indicando o alcalde que é un tema que Espina & Delfín está pendente de resolver.

Continúa Pilar Tubío preguntando quen se está facendo cargo dos gastos do bombeo, contestando o alcalde que estase facendo cargo o Concello de Carnota de momento e que o concello Dumbría asumirá a parte correspondente do pago.

Di Pilar Tubío que supón que pagará o 50% , que poderían ir pagando algo e que os veciños de Carnota non lle pagarán o bombeo de O Pindo.

Matiza o alcalde que o problema é máis técnico que outra cousa e que estamos falando de que hai unha medición que se pode facer de maneira electrónica en canto ao caudal que ven de alá, un tema técnico que Espina & Delfín está tratando cunha empresa para coñecer con exactitude o cobro que corresponde.

Pilar Tubío intervén dicindo que polo menos o 50% porque eles utilizan o bombeo e chega ao Pindo.

O alcalde di que se cadra temos outras compensacións de Dumbría e que desde o primeiro día manifestaron a vontade de pagar.

A continuación Manuel Souto di que o seu rogo é no sentido de que no último pleno falaron e que en principio estaban de acordo nunha reunión co equipo redactor do PXOM.

O alcalde dille que xa se fixo esa pregunta por escrito e que a persoa que leva a empresa SCQ deu a luz, e que na primeira semana de febreiro vai facer por vir por aquí, que se poñan de acordo para o horario.

Continúa Manuel Souto dicindo que ao parecer había uns atrancos consistentes na tradución ao español da separata para Costas.

O alcalde intervén informa que a traballadora está rematando o traballo e destaca que, por certo, a súa tarefa supón un aforro de mais de 4.000 euros. A normalizadora lingüística fixo a tradución e agora está pendente de vir a traballadora da empresa a informar. Manuel Souto pregunta polo informe xurídico e o informe técnico sobre o plan.

O Secretario fai unha breve explicación do procedemento, en síntese, coa documentación completa deberá emitirse informe técnico e posteriormente, á vista de todo o actuado, informe xurídico e proposta de resolución do Secretario, conforme ao previsto na normativa de aplicación.

De seguido, Belén Campos intervén dicindo que como os presupostos están prorrogados queren saber cal foi a liquidación dos presupostos do 2019 e cal é o remanente de tesourería a 31 de decembro, ao que responde o alcalde que esa información aínda non lla pode dar por aínda non a ten e que nos fai falta para aprobar os presupostos novos, se hai quórum, por suposto, para aprobalos

Manolo Souto intervén dicindo que ten un rogo sobre a posibilidade de gravar os plenos e incluso a nivel de vídeo.
O alcalde dille que se pode facer pero que ten un custo.

CVD: 8ThwDa285kY7fXObNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Manuel Souto subliña que no ámbito da participación veciñal a iniciativa sería altamente positiva.

Aclara o secretario que son dúas cuestións distintas, calquera pode gravar, que non ten validez, a gravación estandarizada dentro da administración electrónica ten uns custes, que é un elemento audiovisual homologado e que a acta electrónica cólgase no sistema e subminístrase o soporte electrónico en vez do borrador da acta aos concelleiro, despois extráense do expediente os acordos.

Manuel Souto, reitera o rogo, se non é demasiado caro, en aras da participación veciñal

Pilar Tubío recorda que se remitan as actas das Xuntas de Goberno Local

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, dándose por rematado o acto ás vinte cincuenta horas do día anteriormente expresado, estendéndose a presente acta. De todo o que, como Secretario, dou fe.

CVD: 8ThwDa285kY7fX0bNt16
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.